



PEGAR  
ETIQUETA

## Nivel 3

### Competencia lingua galega

<i>Sinatura</i> <i>Firma</i>	
---------------------------------	--

Obxectivo	Avaliar as capacidades vinculadas á competencia en lingua galega.
Duración	1 hora
Estrutura da proba	A proba está integrada por 15 preguntas. 10 están relacionadas con dous textos e con elas preténdese avaliar a capacidade para comprendelos e sintetizar o seu contido. As outras 5 preguntas tratan diferentes aspectos lingüísticos.
Materiais que pode utilizar	Bolígrafo con tinta negra ou azul.
Criterios de cualificación da proba	Cada pregunta correctamente contestada ten unha puntuación de 1 punto, agás a pregunta de resposta aberta, que vale 6 puntos.



## Texto 1

### USO RESPONSABLE DOS NÚMEROS DE EMERXENCIA

O número 112 é un teléfono de atención de chamadas de emerxencia para calquera país da comunidade europea. É un servizo gratuíto e accesible desde calquera teléfono fixo, móbil ou público. Manter un protocolo de actuación correcto á hora de realizar unha chamada a este servizo faranos gañar tempo para que a persoa que sufrise unha emerxencia reciba canto antes a atención necesaria.

A continuación damos a coñecer cinco accións que consideramos apropiadas para realizar unha chamada eficaz ao 112.

- Mantén a calma e expresa de maneira clara e precisa o motivo do aviso.
- Concreta a localización onde se produciu a incidencia para axilizar o traslado dos medios de emerxencia necesarios.
- Comunica o número de persoas implicadas na incidencia e en que condicións están.
- Facilita o nome e o teléfono da persoa que realiza a chamada, por se se perde a comunicación.
- Colga a chamada tan só se o xestor cho indica e mantén o teléfono libre por se os xestores necesitan volver contactar para ampliar información.

(Adaptado de: <http://www.axega112.gal/gl/content/fai-un-uso-responsable-dos-numeros-de-emerxencia> [03/01/2021])

#### **1. Cal é o propósito do texto?**

---

- A. Proporcionar instrucións para o uso dos teléfonos de emerxencia.
- B. Opinar sobre os números de emerxencia.
- C. Describir os teléfonos de emerxencia.

#### **2. A quen vai dirixida a información deste texto?**

---

- A. Ás empresas de telefonía.
- B. Aos equipos de emerxencia.
- C. Ao público en xeral.

#### **3. O 112 é un número de teléfono que...**

---

- A. atende chamadas de emerxencia exclusivamente na Comunidade Autónoma de Galicia.
- B. serve para comunicar emerxencias en toda a Unión Europea.
- C. permite realizar chamadas de emerxencia só no ámbito do Estado español.

#### **4. Segundo o texto 1, por que é importante seguir un estrito protocolo de actuación nas chamadas aos números de emerxencia?**

---

- A. Porque é fundamental expresar de maneira clara e precisa o motivo do aviso nunha emerxencia.
- B. Porque é un servizo gratuíto e poden colapsarse as liñas telefónicas.
- C. Porque iso facilita que os implicados nunha emerxencia poidan ser atendidos canto antes.

**5. Redacte un texto no que expoña a súa opinión sobre a conveniencia ou non de contar cun eficaz servizo de emerxencias no seu lugar de residencia. (Extensión aproximada: 150 palabras)**

---

## Texto 2

### XELA ARIAS

A Real Academia Galega dedicarlle a Xela Arias (Sarria, 1962 – Vigo, 2003) o Día das Letras Galegas de 2021. O Pleno da institución acordou na sesión celebrada esta tarde homenaxear o ano que vén a quen foi unha das voces máis destacadas da poesía galega contemporánea. Xela Arias é autora dunha poesía singular, transgresora, sincera e comprometida que será celebrada ao longo dun 2021 durante o cal a RAG lembrará ademais o seu labor como editora e tradutora que verteu milleiros de páxinas de clásicos universais ao galego.

Por idade, Xela Arias formou parte dun grupo de poetas que tamén recibirán a homenaxe da RAG a través dela: o dos mozos e mozas que renovaron a poesía a partir dos primeiros 80 en temas, estilo e forma. Pero a dela é unha desas voces singulares e inclasificables, de tal maneira que o seu é un nome que se pronuncia sen xeración.

A elección de Xela Arias como protagonista das Letras Galegas 2021 reconece igualmente a dimensión pública e comprometida da vida e da obra da autora. Prestou a súa voz en mobilizacións cívicas e tomou sempre posición a favor da lingua galega, non só como poeta. Como parte do equipo de Edicións Xerais, contribuíu ao proceso de fixación da norma do galego. Fíxoo como correctora de estilo e editora, e tamén ao iniciar nos anos 80 un labor pioneiro no mundo da tradución, un eido poucas veces recoñecido.

(Adaptado de: <https://academia.gal> [22/12/2020])

#### **6. Cal é o obxectivo fundamental deste texto, tomado do sitio web da Real Academia Galega?**

- A. Analizar as características fundamentais da obra poética de Xela Arias.
- B. Comunicar a elección de Xela Arias como figura á que estará dedicado o Día das Letras Galegas 2021.
- C. Destacar a relevante influencia da Real Academia Galega na obra de Xela Arias.

#### **7. No texto afirmase que Xela Arias é autora dunha poesía «transgresora». Transgresora significa...**

- A. que desobedece a norma.
- B. que segue liñas tradicionais.
- C. que emprega verso libre.

#### **8. Cando no texto se afirma que o nome de Xela Arias «se pronuncia sen xeración», quérese dicir que...**

- A. concibía a poesía como un xeito de cuestionar a orde das cousas.
- B. morreu moi nova para poder ser encadrada en ningunha xeración.
- C. resulta unha personalidade singular e difícil de encadrar.

**9. Segundo o texto, a figura de Xela Arias ten relevancia non só no ámbito poético, senón que cómpre destacar a súa dimensión como...**

---

- A. autora teatral.
- B. membro da Real Academia Galega.
- C. tradutora e editora.

**10. A palabra *eido* que aparece no texto na secuencia «un eido poucas veces recoñecido», pode ser substituída, sen que varíe o seu significado, por...**

---

- A. ámbito.
- B. leira.
- C. veiga.

**11. «Debe facilitarlle o seu nome e teléfono, por se se perde a comunicación». Fíxese nos segmentos subliñados. Podemos colocalos noutra posición dentro de enunciado?**

---

- A. Si, podemos dicir «Débelle facilitar o seu nome e teléfono, por se pérdese a comunicación».
- B. Si, podemos dicir «Débelle facilitar o seu nome e teléfono, por se se perde a comunicación».
- C. Non, non poden ir noutra posición.

**12. Indique cal é o enunciado correcto:**

---

- A. Se vostedes sofren un accidente, poden chamar ao 112.
- B. Se ti sufres un accidente, podes chamar ao 112.
- C. Se eles sofren un accidente, poden chamar ao 112.

**13. «Onte choveu arreo». Por que palabra ou grupo de palabras podemos substituír *arreo* sen que varíe o significado?**

---

- A. Con interrupcións.
- B. Pouco.
- C. Seguido.

**14. Cal das seguintes series está formada exclusivamente por palabras que expresan dúbida?**

---

- A. Asemade, abofé, tampouco.
- B. Quizais, talvez, non.
- C. Seica, acaso, disque.

**15. Indique cal é o enunciado correcto:**

---

- A. Os nenos sempre teñen golpes nas rodillas.
- B. Disque as bruxas teñen vasoiras que voan.
- C. Estragouse o grifo do lavabo.



